

AS PRIMEIRAS PROFESORAS DO INSTITUTO DA CORUÑA

Marieta Chavert Díaz
mchavert@gmail.com

/

Ana Romero Masiá
aromeromasia@yahoo.es

RESUMO

Localización e estudo das primeiras profesoras do instituto da Coruña.

ABSTRACT

Location and study of the first teachers of the high school of A Coruña.

Palabras clave. Julia Puga Cerdido. Pilar Martínez Díaz Cañedo. Dolores García Vázquez. María Guede Conde. Otilia Babío Amor. Eloisa Cervigón Díaz. María Parache de Varela. Susana Sanz Vega. Concepción Villena Villalaín. Adela Fernández Martínez. María del Portal Panisse Ferrer, Dolores Díaz Baliño. África González Barbeito. Carmen Casares Souto. Josefina del Pino Delgado. Encarnación Aguado Santillana. Dolores Díaz Mirás. Rosario Riestra Limeses. Dolores Ackerman. Profesoras. Instituto. A Coruña.

Key words. Julia Puga Cerdido. Pilar Martínez Díaz Cañedo. Dolores García Vázquez. María Guede Conde. Otilia Babío Amor. Eloisa Cervigón Díaz. María Parache de Varela. Susana Sanz Vega. Concepción Villena Villalaín. Adela Fernández Martínez. María del Portal Panisse Ferrer, Dolores Díaz Baliño. África González Barbeito. Carmen Casares Souto. Josefina del Pino Delgado. Encarnación Aguado Santillana. Dolores Díaz Mirás. Rosario Riestra Limeses. Dolores Ackerman. Teachers. High school. A Coruña.

1. O INSTITUTO DA CORUÑA

A Coruña conta cun instituto desde 1862 aínda que, desde 1845, se intentara crear ese centro de ensino. O primeiro intento remóntase a 1845 cando, para aplicar a Lei Pidal dese ano (que establecía a creación de institutos en todas as capitais de provincia), tomaron a iniciativa 93 veciños que secundaron a idea de Manuel Freire de Andrade e, contando co apoio do Concello, solicitaron sen éxito a instalación do instituto. Os sucesivos intentos de 1851, 1853 e 1858 tampouco tiveron éxito e houbo que agardar a 1862.



Edificio no que funcionou o vello instituto na rúa Ferreirías. Colec. Bartolomé-Chavert.

O primeiro instituto comezou funcionando nun edificio formado por varias casas unidas, propiedade dos marqueses de Camarasa, na rúa Ferreirías da Cidade Vella. Inicialmente, o edificio foi mercado polos veciños e posteriormente (1864) pasou a ser propiedade municipal. Alí estivo o instituto ata que se trasladou ao novo edificio, construído a expensas de Eusebio da Guarda e a súa muller Modesta Goicouría, e deseñado polo arquitecto municipal Antonio de Mesa. Neste novo edificio, na actual Praza de Pontevedra, comezou o alumnado o curso 1890-91¹.

1 Historia do instituto coruñés ata 1890 en Meijide:1991.

O instituto funcionou como un centro de ensino mixto, con aulas ocupadas por alumnos e alumnas, ata a implantación da lexislación franquista. Así, en setembro de 1936, quedaba suprimida a coeducación.

Cuarto. En las poblaciones donde hubiere más de un Instituto, se dividirá la población escolar, suprimiendo, desde luego, la práctica de la coeducación y destinando un Centro a los alumnos y otro a las alumnas.

Donde no hubiere más que un establecimiento, se procurará, organizar las enseñanzas de manera que los alumnos acudan a las clases por la mañana y las alumnas por la tarde, o viceversa, según convenga.

Disposición transitoria Cuarta. [...] En los Institutos en que se establecen las sesiones independientes para cada sexo, el profesorado es único, y por lo tanto, estará a cargo del mismo Profesor la enseñanza de alumnos y alumnas².

En aplicación da citada orde e ata que se construíu un novo instituto, alumnas e alumnos non podían compartir aulas e, na medida do posible, tampouco a porta de entrada nin os patios. En función do número de matrícula, houbo anos que se tivo que facer dobre quenda.

Segundo me comentaban, as alumnas entraban pola praza de Pontevedra e as súas aulas estaban no primeiro andar, e os alumnos facían pola rúa Modesta Goicuría e as súas clases impartíanse no segundo andar. Non coincidían nunca por estar as portas de acceso ás escaleiras de Modesta sempre pechadas, e os recreos eran a distinta hora.

Funcionaban coma dous centros independentes, pero no mesmo edificio. E isto foi así desde a guerra ata 1947 cando se rematou o instituto masculino na cidade escolar, hoxe IES Salvador de Madariaga, e trasladáronse ao novo centro os rapaces³.

Las niñas iban a clase por la mañana, *su* puerta era la principal. Y los chicos, por la tarde; entrábamos por Modesta Goicouría y subíamos enseguida al primero o al segundo. Teníamos prohibidísimo quedarnos a husmear en la planta baja⁴.

Ata o curso 1942-43 o instituto funcionou como unha única entidade e único claustro. Foi entón cando se separaron as dúas xuntas directivas: a do instituto feminino e a do

2 Orde de 4 setembro 1936. *Boletín Oficial de la Junta de Defensa Nacional*. 8 setembro 1936, nº 18.

3 Vidal Tomé, 2015:183.

4 Lembanzas de Guzmán Chavert, alumno do instituto tras aprobar o exame de ingreso en 1937. Chavert Díaz, 2015:12.

masculino, aínda que seguiron coexistindo no mesmo edificio ata que, en setembro de 1947, foi inaugurado o masculino, o actual Salvador de Madariaga. As alumnas continuaron no edificio fundado por Eusebio da Guarda e, por acordo do claustro de profesores, o instituto feminino recibiu oficialmente o nome do seu fundador *como merecido y póstumo homenaje al ilustre patricio que, juntamente con su esposa, hicieron donación al pueblo de La Coruña del magnífico edificio sito en la Plaza de Pontevedra*⁵.



Edificio do instituto Eusebio da Guarda.1900-1909. Colec. Bartolomé-Chavert.

2. O PROFESORADO DOS INSTITUTOS DE ENSEÑANZA MEDIA

A maioría do alumnado que acudía aos institutos trataba de conseguir o título do Bacharelato. Esta titulación permitía continuar cos estudos universitarios e alcanzar a licenciatura. Para poder impartir a maioría das materias do Bacharelato requíriase a licenciatura, situación que explica o dominio, case exclusivo durante décadas, do profesorado masculino nos institutos porque os homes constituían a inmensa maioría do alumnado universitario en España.

5 Arquivo do Instituto Eusebio da Guarda [en adiante AIEG]. *Libro de actas do claustro de profesores*. Sesión de 6 maio 1945, p. 24.

O acceso sen restricións da muller aos estudos universitarios comezou en 1910 grazas a varias reais ordes que foron eliminando as prohibicións e recoñecéndolles o dereito ao exercicio profesional para o que habilitaban os títulos universitarios. Deste modo foi eliminada a necesidade de solicitar autorización para poder acceder á universidade⁶ e abríronse novas posibilidades para o traballo das mulleres.

S. M. el Rey (q. D. g.) se ha servido disponer que se considere derogada la citada Real orden de 1888, y que por los Jefes de los Establecimientos docentes se concedan, sin necesidad de consultar á la Superioridad, las inscripciones de matrícula en enseñanza oficial ó no oficial solicitadas por las mujeres, siempre que se ajusten á las condiciones y reglas establecidas para cada clase y grupo de estudios⁷.

As mulleres podían obter un título de licenciatura, pero este non as habilitaba para o exercicio dunha profesión nin para o desempeño dunha cátedra. Isto tamén cambiou en 1910, aínda que as poucas que acodían ás aulas universitarias tivesen que entrar acompañadas dun catedrático e sentarse próximas á súa mesa.

S. M. el Rey (q. D. g.) se ha servido disponer:

1. La posesión de los diversos títulos académicos habilitará á la mujer para el ejercicio de cuantas profesiones tengan relación con el Ministerio de Instrucción Pública.
2. Las poseedoras de títulos académicos expedidos por este Ministerio ó por los Rectores y demás Jefes de Centros de enseñanza, podrán concurrir desde esta fecha á cuantas oposiciones ó concursos se anuncien ó estén anunciados, con los mismos derechos que los demás opositores ó concursantes para el desempeño efectivo é inmediato de Cátedras, y de cualesquiera otros destinos objeto do las presentes ó sucesivas convocatorias⁸.

O camiño estaba aberto, pero as dificultades para percorrelo eran infinitas. De aí o valor e a significación das pioneiras, das primeiras mulleres que marcaron fitos e abriron eses camiños a outras que continuaron a marcha. No ámbito do ensino das ensinanzas medias, os novos estudos van sacando á luz nomes que, no seu momento, iniciaron novas posibilidades para o traballo profesional das mulleres.

6 A Real orde de 11 xuño 1888 establecía que para ser admitidas na Universidade, as mulleres debían solicitar permiso á superioridade para esta resolverse a petición.

7 R.O. 8 marzo 1910. *Gaceta de Madrid*, nº 68, 9 marzo 1910, pp. 497-498.

8 R.O. 2 setembro 1910. *Gaceta de Madrid*, nº 247, 4 setembro 1910, pp. 731-732.



Profesores, alumnas e alumnos da promoción 1925-31 do instituto coruñés. No centro das alumnas está Portal Panisse, futura profesora do instituto. Colec. Bartolomé-Chavert.

A incorporación das mulleres ás tarefas docentes do ensino secundario foi lento e entre as primeiras non todas tiñan o título de licenciadas: Julia Gomis Llopis⁹ —primeira muller no instituto de Valencia en 1911 como profesora de Debuxo con formación na Academia de Belas Artes—; María Luisa García-Dorado, María Nieves González Barrio, Rosa Herrera Montenegro, María Carmen Rodríguez Bescansa, Josefina Sela Sampil e Asunción Serret, incorporadas en 1918 aos institutos co título de licenciadas; as primeiras catedráticas a partir de 1920, caso de María Luisa Alonso Duro Guerra, catedrática de Francés no instituto de Cuenca en 1921 ou María Luisa García-Dorado Seirullo, de Latín, en 1923 en Castellón¹⁰... A todas elas damos as grazas as que agora nos dedicamos ao ensino nos institutos.

Entre as primeiras profesoras de institutos en Galicia destacamos a Carmen Martínez Sancho, primeira doutora en Matemáticas, nomeada o 20 de xuño de 1928 catedrática numeraria de Matemáticas do instituto de Ferrol¹¹ e pouco despois, o 28 do mesmo mes,

9 «Las mujeres podían, por lo tanto, a partir de ese momento [1910], formar parte de los Claustros de Segunda Enseñanza. Y así sucedió ese mismo curso académico en el que una profesora de la Escuela Normal y de las Escuelas de adultas de Valencia, que había hecho sus estudios en la Real Academia de Bellas Artes de San Carlos de esa misma ciudad, se encargó de la asignatura de Dibujo del Instituto Provincial; era el mes de abril de 1911. Se llamaba Julia Gomis Llopis». Flecha García, 2000:288.

10 Góriz: 2019.

11 «S. M. el Rey (q. D. g.) ha tenido a bien nombrar, en virtud de oposición libre, Catedrático numerario de Matemáticas del instituto nacional de Segunda enseñanza de El Ferrol, con el sueldo anual de

Rosario Fuentes Pérez, nomeada profesora de Francés no instituto de Vigo tras conseguir o número 1 nas oposicións¹². A lucense M^a Filomena Páramo Fernández foi a primeira profesora do instituto de Lugo, numeraria a partir de 1928¹³.

A partir de 1928/30, o aumento do número de alumnas e de novos institutos, así como de novas licenciadas, foron factores que favoreceron a incorporación de novas profesoras nos centros de Segunda Ensinanza. Unhas comezaban a traballar nos institutos logo de aprobar unha oposición, pero como para materias como Idiomas ou Debuxo non precisaban do título de licenciadas, unha alta porcentaxe formaban parte do grupo do Profesorado Especial¹⁴. Neste grupo a inestabilidade era alta, ás veces unicamente traballaban uns poucos meses, pero noutros podían renovarse os contratos durante varios anos.



Profesorado e alumnado do instituto da Coruña. Promoción 1931-37. Colec. Bartolomé-Chavert.

4.000 pesetas, a doña Carmen Martínez Sancho. De Real orden lo digo a V. I. para Su conocimiento y demás efectos. Dios guarde a V. I. muchos años. Madrid, 6 de junio de 1928 ». *Gaceta de Madrid*, nº 172, 20 xuño 1928, p. 1.612.

- 12 A prensa do momento destacaba o éxito obtido polas novas catedráticas de Francés porque elas ocuparon as primeiras posicións. Xunto a Rosario Fuentes Pérez obtiveron a praza Josefina Rivelles Barrachina, Adela María Trepas Massó, María Dolores de Palacio e Azara e María de la Concepción Francés Piña, o que significaba o 38,4% dos opositores aprobados. Nomeamento do 22 de xuño de 1928. *Gaceta de Madrid*, nº 180, 28 xuño 1928, p. 1.753. Rectificación na *Gaceta de Madrid*, nº 187, 5 xullo 1928, p. 94.
- 13 «Páramo Fernández, María Filomena, comenzo en el instituto de Lugo y en 1928 pasó a ser profesora numeraria». Flecha García, 2000:289. En 1935 contiñaba como axudante de Lingua e Literatura. *El Progreso* (Lugo), 31-05-1935, p. 6.
- 14 Para ese tipo de materias podía ser suficiente o título de Maxisterio, o do Conservatorio de Música, de escolas especiais ou mesmo diplomas no idioma específico para a praza que solicitaban.

3. O PROFESORADO FEMININO DOS INSTITUTOS NOS INICIOS DO FRANQUISMO

Nas zonas controladas polos militares sublevados en xullo de 1936 xa vimos como comezou a aplicarse inmediatamente a lexislación elaborada polas novas autoridades. En outubro de 1937 impúxose, de maneira obrigatoria, para todas as mulleres españolas entre 17 e 35 anos, a prestación do Servizo Social.

Artículo primero. Se declarará deber nacional de todas las mujeres españolas comprendidas en edad de diez y siete a treinta y cinco años la prestación del «Servicio Social». Consistirá éste en el desempeño de las varias funciones mecánicas, administrativas o técnicas precisas para el funcionamiento y progresivo desarrollo de las instituciones sociales establecidas por la Delegación Nacional de Auxilio Social de F .E .T , de las J.O. N. S. o articulados en ella¹⁵.

Quedaban excluídas desta obriga unicamente as que por algún defecto físico non puidesen prestar o servizo, as viúvas con fillos ao seu cargo ou as que xa desempeñasen con anterioridade servizos en hospitais ou institucións de asistencia durante a guerra. A duración do Servizo Social era de 6 meses que se podían fraccionar ao longo dun máximo de 3 anos.

Esta decisión afectou directamente ás mulleres que desexaban entrar a traballar como docentes porque a presentación de ter realizado o Servizo Social pasou a ser condición indispensable para poder traballar en calquera organismo ou centro de carácter estatal.

Artículo tercero. En lo sucesivo será indispensable haber cumplido el Servicio Social para que las mujeres españolas no comprendidas en las anteriores normas de exención puedan obtener:

- a) La expedición de los títulos que habiliten para el ejercicio de cualquier carrera o profesión.
- b) Su inclusión en las oposiciones y concursos para cubrir plazas vacantes en la administración del Estado, Provincia o Municipio o tener en éste destinos de libre nombramiento.
- c) El desempeño de empleos retribuidos en las empresas concesionarias de servicios públicos o en entidades que funcionen bajo la fiscalización o intervención inmediata del Estado.
- d) El ejercicio de todo cargo de función pública o responsabilidad política¹⁶.

15 Decreto 378 de 7 outubro 1937. *BOE*, nº 356, 11 outubro 1937, pp. 3.785-3.787.

16 *Ibidem*, p. 3.786.

A obriga de presentar o certificado de ter realizado o Servizo Social mantívose durante todo o franquismo en actos como o de presentación para realizar as probas dunha oposición ou no de toma de posesión dun cargo ou nomeamento como docente.

Pasados os dous primeiros cursos desde o inicio da nova situación, a normativa complementouse con novas ordes e leis a partir do curso 1938-39. Así, pola Orde do 1 de setembro de 1938, nas localidades controladas polos sublevados, cesaban o 30 de setembro *todos los Encargados de Curso y Profesores interinos que hubieren obtenido sus nombramientos con carácter temporal, hayan o no realizado cursos prácticos y hubieran o no sido asignados en virtud de concurso*, prazas que terían que *ser solicitadas por los que hayan de cesar y por cuantos se hallaren con los debidos títulos para ello*¹⁷. Isto significaba, na práctica, a depuración total dos corpos docentes, pois a adhesión ao novo réxime era condición imprescindible para obter o nomeamento. Unha vez resolta a solicitude, o Ministerio outorgaba nomeamentos temporais dun curso prorrogables a varios¹⁸.

Para a organización do Bacharelato foi fundamental a Lei de Reforma da Ensinanza Media de 20 de setembro de 1938. A partir de entón, toda a educación formal pasou a depender do Ministerio de Educación Nacional, mentres que a non formal, a da xuventude, quedou en mans do Movemento Nacional a través da Fronte de Xuventudes e da Sección Feminina. As novas autoridades puxeron especial interese en conseguir cidadáns comprometidos cos principios do novo réxime e asignaron ao Bacharelato un papel primordial na transformación intelectual e social na nova sociedade que desexaban implantar.

Iníciase con la reforma de la parte más importante de la Enseñanza Media —el Bachillerato Universitario— porque el criterio que en ella se aplique ha de ser norma y módulo de toda la reforma, y porque, una modificación profunda de este grado de Enseñanza es el instrumento más eficaz para, rápidamente, influir en la transformación de una Sociedad y en la formación intelectual y moral de sus futuras clases directoras [...].

En pocas palabras, los Institutos de Segunda Enseñanza habrán de transformarse en Instituciones modelo, en las que el nuevo Bachillerato clásico y formativo pueda desarrollar el máximo de eficacia y de valor cultural.[...] y se habrá conseguido desterrar de nuestros medios intelectuales síntomas bien patentes de decadencia: la falta de instrucción fundamental y de formación doctrinal y moral, el mimetismo

17 Orde de 1 setembro 1938. *BOE*, 5 setembro 1938, p. 1.091.

18 A anterior orde tamén establecía as cuantías a percibir polos diferentes grupos docentes: «Los Encargados de Curso percibirán el sueldo anual de 5.000 pesetas [...], los interinos de Religión y de Idiomas serán retribuidos con 4.000 pesetas anuales [...], los interinos de Dibujo tendrán, la remuneración anual de 3.000 pesetas [...], los interinos de Educación Física percibirán la gratificación de 2.500 pesetas al año [...]. Los Profesores especiales podrán desempeñar otra enseñanza especial en concepto de acumulada y con la gratificación de 1.000 pesetas anuales».

extranjerizante, la rusofilia y el afeminamiento, la deshumanización de la literatura y el arte, el fetichismo de la metáfora y el verbalismo sin contenido, características y matices de la desorientación y de la falta de vigor intelectual de muchos sectores sociales en estos últimos tiempos, todo ello en contradicción dolorosa con el viril heroísmo de la juventud en acción, que tan generosa sangre derrama en el frente por el rescate definitivo de la auténtica cultura española.

Aplicado el nuevo plan en la realidad docente con decidida y progresiva asimilación, habrase logrado la revolución más trascendental de la enseñanza española de un siglo a esta parte¹⁹.

A Lei establecía as condición de acceso aos estudos de Bacharelato —ter cumpridos os 10 anos e superar unha proba de ingreso—; daba carácter de documento oficial ao libro de cualificacións; establecía as materias básicas e a súa distribución horaria: Relixión e Filosofía, Linguas Clásicas, Lingua e Literatura Española, Xeografía e Historia, Matemáticas, Cosmoloxía e Linguas modernas.

Lenguas Modernas. Dos idiomas a determinar entre el italiano, francés, alemán o inglés. Será obligatorio el estudio del alemán o el italiano, a elección. Los idiomas latinos se cursarán durante tres años y los otros durante cuatro. [...]

Además de estos siete grupos fundamentales, los alumnos habrán de cursar Dibujo y Modelado. Se les dará también una completa educación física, acompañada de conferencias de formación patriótica y deberes cívicos, orientadas hacia el espíritu de milicia y servicio. Trabajos manuales, prácticas de Biblioteca, visitas de Museos y excursiones, asegurarán el equilibrio físico y moral de las generaciones juveniles. (Base IV)

A ensinanza da Relixión Católica e da Historia Sagrada era obrigatorias e debían cursarse en todos os cursos do Bacharelato, así como outras materias que debían actuar como as principais encargadas da formación patriótica do alumnado. A destacar tamén o papel asignado á Historia porque a través dela o alumnado debía conseguir a exaltación patriótico-imperialista, o *auténtico ser de España*²⁰. O conxunto das reformas significaba a volta a vellos esquemas clásico-humanísticos propios da España imperial, que era o modelo no que quería inspirarse o novo rexime político e ideolóxico.

19 Lei (Bases) de reforma da Ensinanza Media. 20 setembro 1938. *BOE*, 23 setembro 1938, pp. 1.385-1.595.

20 «La revaloración de lo español, la definitiva extirpación del pesimismo anti-hispánico y extranjerizante, hijo de la apostasía y de la odiosa y mendaz leyenda negra, se ha de conseguir mediante la enseñanza de la Historia Universal (acompañada de la Geografía), principalmente en sus relaciones con la de España. Se trata así de poner de manifiesto la pureza moral de la nacionalidad española; la categoría superior, universalista, de nuestro espíritu imperial, de la Hispanidad, según concepto felicísimo de Ramiro de Maeztu, defensora y misionera de la verdadera civilización, que es la Cristiandad». Preámbulo da citada Lei.

O Bacharelato Universitario constaba de 7 cursos e, para obter o título, había que superar unha proba de suficiencia final pero, en función da carreira a seguir, podía ser suficiente a realización dos tres primeiros cursos (Bacharelato elemental), ou de cinco para poder ingresar en determinadas escolas. A lei establecía tamén as características dos cadros de persoal dos institutos:

Todo Centro oficial de Segunda Enseñanza contará con la plantilla mínima de un Catedrático o Profesor numerario para cada uno de los grupos fundamentales del Bachillerato, y de un número adecuado de Auxiliares y de Ayudantes.

Los Profesores Auxiliares no constituirán Cuerpo ni formarán Escalafón, y todos ellos tendrán igual categoría y función, con retribución única. Sus servicios tendrán la debida estimación en los sistemas de turnos de ingreso en el Cuerpo de Profesores numerarios y en el reparto de los fondos que en el presupuesto del Centro sean destinados al personal. Quedan a salvo los derechos de los Auxiliares que actualmente constituían Escalafón, el cual quedará a extinguir.

Los Ayudantes tendrán asimismo categoría única, y no recibirán retribución del Estado más que en el caso de cátedra vacante encargada a su respectivo Profesor Auxiliar o en el de colaboración efectiva en la enseñanza y servicio del Instituto. (Base XIII)

A clasificación e categoría do profesorado (excepto a de catedrático/a) foi variando nos anos seguintes, así como as condicións de acceso e as retribucións dos diferentes grupos²¹.

4. AS PRIMEIRAS PROFESORAS DO INSTITUTO DA CORUÑA

O presente estudo está enmarcado polas datas do curso 1933-34 —o primeiro no que localizamos datos sobre unha profesora no instituto da Coruña— e o de 1941-42. Este último marca un cambio decisivo porque, a partir de novembro de 1942, xa se dividen as dúas seccións do instituto e comeza a traballar independentemente o Instituto Feminino e o Instituto Masculino, aínda que compartían o edificio da Praza de Pontevedra. Ademais, a partir do curso 1942-43 xa se incorpora o profesorado feminino da Escola de

21 O Decreto de 25 febreiro 1939 (*BOE*, 28 febreiro 1939, pp. 1.158-1.159) establecía cátedras para as materias de Filosofía, Latín, Grego, Lingua a Literatura castelá, Xeografía e Historia, Matemáticas e Ciencias Cosmolóxicas nos seu dobre aspecto de Físico-Químico e Naturais. Tiña categoría de profesorado especial o de Relixión, Italiano, Francés, Inglés, Alemán, Debuxo, Educación Física e Música. Estaban tamén os auxiliares adxuntos (un por cada catedrático/a ou profesor/a especial) e axudantes de clases prácticas e traballos complementarios da función docente. O Decreto de 19 febreiro 1942 (*BOE*, 9 marzo 1942, pp. 1.713-1.715) simplificaba o complexo entramado de distintas figuras docentes e melloraba a función docente unificando na categoría de adxuntos os auxiliares, encargados de curso, etc.

Fogar, situación que modifica completamente o papel e o número das profesoras e a súa significación como docentes de disciplinas académicas²².

A aplicación dos cambios coa incorporación das ensinanzas de Fogar para as alumnas debería funcionar no curso 1941-42, pero no caso da Coruña atrasouse ata o curso seguinte²³, tanto no funcionamento como no nomeamento do profesorado destas novas ensinanzas e da educación deportiva. Neste caso, ante a falta de instrutores designados pola Fronte de Xuventudes, fíxose cargo da organización da educación deportiva o catedrático e Xeografía e Historia, Antonio Mejjide Pardo²⁴ e foron nomeadas as primeiras profesoras para as ensinanzas de Fogar²⁵.

Tamén cómpre ter en conta que o curso 1942-43 marcou un cambio importante no ámbito educativo do franquismo a causa dunha ampla lexislación coa que se daba un importante paso lexislativo mediante a Lei Orgánica de 10 de abril de 1942, que reorganizaba o Ministerio de Educación Nacional e os diferentes organismos que o constituían, e que foi complementándose cos sucesivas ordes e decretos sobre as categorías do profesorado e o acceso á docencia²⁶.

Localizar ás 19 primeiras profesoras do instituto da Coruña non foi doado, pois a documentación conservada é moi escasa, fragmentaria e está dispersa en varios organismos. No Arquivo Universitario de Santiago puidemos localizar breves apuntamentos sobre

22 Agradecemos a Rosario Soto e Isabel Ruso as facilidades dadas para consultar documentación conservada no instituto Eusebio da Guarda.

23 «Primero. En el curso 1941-42 quedarán establecidas en todos los Centros de primera y segunda enseñanza, oficial y privada, las disciplinas de Educación Política, Física y Deportiva, conforme a las normas y programas que dicte periódicamente la Delegación Nacional del Frente de Juventudes, y las de iniciación en las Enseñanzas del Hogar, bajo la inspiración de la Delegación Nacional de la Sección Femenina de F. E. T. y de las J. O. N. S. Segundo. Esta formación habrá de hacerse por medio de los Instrutores designados por el Frente de Juventudes; mas en tanto no sean hechas las designaciones correspondientes, los directores de los Centros de enseñanza y los Maestros que tengan a su cargo las Escuelas deberán llevar a efecto tal misión con personal y elementos propios si bien ajustándose estrictamente a las normas y programas a que el número anterior hace referencia. Tercero. Los directores de los Centros y los Maestros se pondrán de acuerdo con las representaciones del Frente de Juventudes para la fijación del horario destinado a las referidas enseñanzas». Orde de 16 outubro 1941, *BOE*, 18 outubro 1941, p. 8.090.


24 Arquivo do IES Eusebio da Guarda [en adiante AIEG]. *Libro de actas do claustro do IES Eusebio da Guarda I*, acta do 12 novembro 1942, pp. 1-4.

25 Para as ensinanzas de Fogar foron nomeadas Ángela García Fernández, Josefa Laciana González, Araceli Arias García, Carmen Abeijón Freire, Isabel Gómez Díaz Miranda e Francisca Maestre Elena. Memoria: 1944. Oficialmente tomaron todas posesión dos seus cargos con data 07-04-1943.


26 Lei Orgánica de 10 abril 1942. *BOE*, 24 abril 1942, pp. 2.859-2.861. Orde de 26 setembro 1942. *BOE*, 4 outubro 1942, pp. 7.860-7.861. Orde de 26 setembro 1942. *BOE*, 4 outubro 1942, pp. 7.861-7.862. Estas dúas ordes establecían a condición indispensable que debía cumprir o novo profesorado: «Todos los nombrados exhibirán, en el acto de la toma de posesión, certificados expedidos por F. E. T. y de las J. O. N. S. por los que se compruebe su total y absoluta adhesión al nuevo Estado».

nomeamentos de profesoras interinas, axudantes, auxiliares e especiais de idiomas. No Arquivo do Instituto Salvador de Madariaga (antigo masculino) conservan unha única carpeta con expedientes de seis profesoras que reseñamos, pero son moi incompletos e algún deles non ten máis que unha folla. No Arquivo do Instituto Eusebio da Guarda (antigo feminino) conservan o libro de actas do claustro de profesores e os de toma de posesión do profesorado, pero os dous levan data do 12 de novembro de 1942, data que corresponde á separación das dúas directivas (do masculino e do feminino) pero non se conservan os libros de cando funcionaban como un único centro, que sería xustamente cando deberían figurar os nomes das primeiras profesoras. No Arquivo Xeral da Administración conservan documentación fragmentaria dalgún expediente das profesoras estudadas. Consultados outros arquivos, como do Reino de Galicia e o Municipal da Coruña, non conservan ningunha documentación que nos permita coñecer novos nomes, así como ampliar e retroceder no tempo.

O profesorado adxunto tiña que ser licenciado en Ciencias ou Filosofía e Letras, sendo asignado mediante oposición, que se realizaba na Universidade ante un tribunal formado por catedráticos universitarios e dos institutos; os exercicios eran de índole práctica e a designación temporal, por un período de 4 anos, a proposta do director do centro e contando co consenso dos catedráticos do mesmo. Pero o profesorado auxiliar era designado pola dirección do instituto, escoitados os catedráticos, e previa alegación de méritos dos solicitantes. Deste modo, era frecuente que estes axudantes fosen antigos alumnos do centro que se gañaran a confianza do catedrático, quen podía realizar a proposta para o seu nomeamento. Como a maioría destas primeiras profesoras tiñan nomeamentos de axudantes, auxiliares ou especiais, os nomeamentos deste profesorado (especialmente os gratuítos) polo xeral non transcendían máis aló do claustro do instituto no que se producían e terían que ser os arquivos dos propios centros onde se conservasen. Se isto non sucede, como é o noso caso, a información ten que ser, necesariamente, moi parcial e incompleta.



Materias impartidas



Igual que sucedeu na case totalidade dos institutos de España, as primeiras profesoras iniciaron o seu labor docente como interinas, axudantes ou encargadas de curso, sendo moi reducida a porcentaxe de licenciadas. Así sucedeu tamén na Coruña. Das 19 profesoras das que puidemos recoller algún dato unicamente consta que 6 eran licenciadas e por iso actuaron como axudantes nas áreas de Letras (4) e de Ciencias (2). No resto dos casos tiñan outras titulacións e actuaron como profesoras especiais de idiomas impartindo Francés (3), Inglés (3), Alemán (4), Italiano (1) e Debuxo (2).

Estas son as 19 primeiras profesoras do instituto da Coruña:

Julia Evangelina Puga Cerdido. É a primeira profesora do instituto da Coruña da que localizamos datos. Naceu na Coruña o 12 de agosto de 1908 no seu dunha familia de xornaleiros sadenses²⁷. O 20 de setembro de 1919 realizou o exame de ingreso no instituto Eusebio da Guarda, matriculándose uns cursos por ensinanza oficial e outros por non oficial, e en maio de 1925 finalizou os estudos de Bacharelato, obtendo o título tras aprobar os exames de reválida²⁸. A continuación, entre 1926 e 1929, cursou estu-

27 Julia era filla de Agustín Puga Mota e de Francisca Cerdido Mota, os dous naturais de Sada, domiciliados na rúa Santa Lucía nº 44. Arquivo Histórico da Universidade de Santiago de Compostela [en adiante AHUSC]. Leg. 1.134, exp. 1.

28 *La Voz de Galicia*, 31-05-1925, p. 4.

dos de Filosofía e Letras na Universidade de Santiago, rematando a licenciatura na de Valladolid, cidade á que se trasladou por razóns de saúde²⁹.

O domingo 8 de xuño de 1930 casou con Manuel Varela Fernández e con data do 9 de outubro de 1933 foi nomeada axudante interina de Letras no instituto coruñés para o curso 1933-34³⁰. A partir dese ano foi nomeada nos cursos seguintes, renovándose os contratos durante moitos anos. Consérvanse algúns destes nomeamentos³¹ e o 27 de outubro de 1939 ascendeu de categoría ao ser nomeada axudante numeraria da Sección de Letras no instituto, impartindo clases tanto no masculino como no feminino³². En 1941 a Comisión depuradora do Ministerio de Educación resolveu a seu favor confirmándoa no seu cargo³³. Permanecerá no feminino ata que pase ao instituto masculino a partir do curso 1942-43³⁴, pero retornará ao feminino en virtude de concurso de traslados en 1963 como profesora adxunta numeraria de Filosofía³⁵ e nese centro permaneceu ata a súa xubilación³⁶.

Foi unha profesora que tiña sona de seria e competente e á que o alumnado saudaba con respecto como *Doña Julia*³⁷. Julia tivo unha irmá —María— profesora mercantil que durante moitos anos impartiu clases na *Academia Puga*, situada xunto á escalinata de Santa Lucía, o barrio onde vivían seus pais, e na que se impartían clases de contabilidade, mecanografía e cultura xeral. Unha rúa do barrio de Matogrande leva o seu nome³⁸.

29 Con data do 7 de agosto de 1929 solicitou do reitor de Santiago o traslado do seu expediente a Valladolid porque o clima castelán beneficiaba a súa saúde, tal como acreditaba no certificado médico que presentou. O reitor accedeu á petición e Julia rematou a carreira universitaria en Valladolid. AHUSC. FU. 406.

30 AHUSC. FU. 509.

31 Entre os conservados, están o do 14 outubro de 1936 e o do 8 xullo de 1938, sempre como axudante/adxunta interina da sección de Letras. AHUSC. FU. 510.

32 AHUSC. FU. 510.

33 *BOE*, 5 abril 1941, p. 2.266. Expediente de depuración en AGA, LEG. 18.630.

34 Memoria académica, 1944.

35 AIEG. *Libro de actas de toma de posesión do profesorado II*, 30 setembro 1963, p. 25.

36 Xubilouse ao rematar o curso 1977-78. De todas as profesoras refrenciadas neste traballo, o único expediente que se conserva completo é o de Julia Puga. AGA, 32, 16.732, 5.569.

37 Un alumno de Julia Puga, Guzmán Chavert Romero, lembraba seu paso polo instituto: «Nos daban clase: Don Rafael Pérez Gómez, catedrático, que solo se pasaba una o dos veces al mes. Y Doña Julia Puga, la auxiliar. Esa, recupero el hilo anterior, es la que nos traía firmes. ¡Ahí viene Doña Julia!, y enmudecíamos todos. Nos pegábamos, tiesos, a las paredes del pasillo, incluso los alumnos del tercio militar, que vestían de uniforme». Chavert Díaz, 2015:20.

38 María Puga Cerdido (A Coruña 1916-1999) foi «de las primeras licencias de la Escuela de Comercio», decía ayer su hija. Durante medio siglo dio clases en la Academia Puga, en Santa Lucía, haciendo una gran labor social, ya que impartía clases «a la mitad de los asistentes sin cobrarles, o cobrándoles casi nada y buscándoles trabajo». https://www.lavozdegalicia.es/noticia/coruna/coruna/2018/03/09/tras-pasos-pioneras/0003_201803H9C3991.htm [02-02-2022].



Profesorado do instituto da Coruña. Curso 1941-42. Colec. Bartolomé-Chavert.
1. Dolores Ackerman. 2. Dolores Díaz Baliño. 3. Julia Puga Cerdido

En outubro de 1936 e para o curso 1936-37 foron nomeadas varias profesoras como axudantes interinas: **Pilar Martínez Díaz Cañedo**, licenciada en Ciencias, para a sección de Ciencias; **Dolores García Vázquez** para Francés, sen título pero que xustificou a suficiencia pola súa actividade na ensinanza privada; **María Guede Conde** para a axudantía de Debuxo³⁹. Non localizamos máis datos destas profesoras, pero deberon continuar no seu posto no instituto varios anos máis, pois consta que as comisións depuratoras do Ministerio de Educación resolveron, en 1941, confirmalas no seus cargos⁴⁰.

39 AHUSC. FU. 510. Os tres nomeamentos con data de 14 outubro 1936.

40 Igual que no caso de Julia Puga, nestes tres casos, as correspondentes comisións de depuración dependentes do Ministerio de Educación, dirixido por José Ibáñez Martín —tras analizar o expediente correspondente, a proposta da Comisión Superior ditaminadora de expedientes de depuración e o informe da Dirección Xeral de Ensinanzas Superior e Media— resolveron confirmar as profesoras no seus postos de traballo no instituto coruñés. As comisións aplicaron o Decreto nº 66 de 8 novembro 1936, a Lei de 10 febreiro 1939 e a Orde de 18 marzo 1939. BOE, 5 abril 1941, p. 2.266; BOE, 19 maio 1941, p. 3.565; BOE, 19 novembro 1941, p. 9.050.

Igualmente, para o curso 1936-37, foron nomeadas **Otilia Babío Amor**, como axudante de Inglés e as profesoras **Eloísa Cervigón Díaz** e **María Parache de Varela** para as clases de Alemán⁴¹.

Susana Sanz Vega e **Concepción Villena Villalaín** figuran como interinas con nomeamento do 6 de novembro de 1937, a primeira para as materias e Filosofía e Xeografía e Historia e a segunda para Francés⁴². Susana Sanz, cursillista de 1936⁴³, continuou polo menos dous cursos máis⁴⁴.

Adela Fernández Martínez, coruñesa nacida o 2 de outubro de 1909⁴⁵. Estudou na Escola Normal de Mestras da Coruña entre 1924 e 1928, o Bacharelato universitario no instituto da súa cidade entre 1928 e 1930 (convalidando materias de Maxisterio), iniciando, ao ano seguinte, e a carreira de Filosofía e Letras, na sección de Historia, na Universidade de Santiago, onde rematou a licenciatura. Con data do 17 de setembro de 1937 solicitou ocupar a cátedra de Filosofía que deixaba vacante, durante uns meses, o titular Gonzalo Valentí. Non sabemos se foi aceptada a súa solicitude, pero ao ano seguinte volveu a intentalo, sen éxito⁴⁶. En 1938 realizou o Servizo Social e en xuño dese ano se lle expediu o certificado correspondente. Con data do 10 de novembro de 1938 foi nomeada como profesora interina de Italiano para o curso 1938-39⁴⁷.

41 AHUSC. FU. 510. Os tres nomeamentos con data de 16 outubro 1936.

42 AHUSC. FU. 510.


43 Non sabemos a situación na que estaba como cursillista nin se saíu beneficiada polo R.D. 154/1977 de 2 de xuño sobre integración no corpo de profesores agregados de institutos profesores procedentes dos cursillos de selección e perfeccionamento de 1933 e 1936 que non ingresasen no corpo por outros procedementos. *BOE*, 4 xullo 1977, pp. 14.941-2.

44 AGA, 32, 16.817.

45 Era filla de Antonio Fernández Gago, natural de Trasestrada (Ourense), xefe de seguridade, e de Antonia Marínez Vázquez, de Santa María de Oza. En 1937 a familia residía na rúa Barrera 23-25, 3º. AHUSC. Leg. 400, exp. 22.

46 Na instancia presentada ao ministro de Educación Nacional con data do 14 novembro 1938, Adela argumentaba que tiña aprobados os cursillos de profesores encargados de curso e que, estando vacante a cátedra de Filosofía, suplicaba «se sirva disponer le sea acumulada la citada cátedra por disponer de número suficiente de horas para desempeñarla». A solicitude non foi atendida respondéndoselle que a cátedra estaba cuberta en aplicación da normativa de 1 setembro 1938. Arquivo do IES Salvador de Madariaga [en adiante AISM], C-1.563.


47 O nomeamento realizouse en aplicación da orde de 5 novembro 1938. AISM. C-1.563. En agosto de 1939 solicitou ser incluída na listaxe de opositores a cátedra de instituto porque non estaba incluída na relación publicada no *BOE*. AHUSC. FU. 510.



Solicitud de Adela Fernández Martínez. AISM. C-1.563.

África González Barbeito. O 25 de novembro de 1939 tomou posesión da praza de encargada de curso interina de Filosofía no instituto da Coruña (feminino) para o curso 1939-40. Por razón de idade estaba exenta da realización do Servizo Social. Comezou cun soldo anual de 5.000 pesetas que se elevou a 6.000 a partir de xaneiro de 1940, aplicación da nova lexislación (Lei de 30 de decembro de 1939). O 30 de setembro de 1940 se lle fixo un novo nomeamento para o curso 1940-41, pero o 15 de outubro de 1940 solicitou unha licencia por asuntos persoais, que non lle foi concedida pola «imposibilidade legal de acceder a su pretensión por no existir lexislación». A interesada decidiu que primaban

máis a necesidade de atender aos seus asuntos particulares e non se presentou no inicio do curso, polo que perdeu a praza⁴⁸.



Nomeamento de África González Barbeito. AISM. C-1.563.

María del Portal Emiliana Panisse Ferrer, coruñesa nacida o 11 de outubro de 1914⁴⁹. Fixo primeiro o Bacharelato elemental e logo o de carácter universitario no instituto da Coruña entre 1925 e xuño de 1931. No curso de 1931-32 iniciou os estudos universitarios

48 AISM. C-1.563.

49 Era filla de Francisco Panisse Serrano, natural da Coruña, delineante de obras públicas, e de María Ferrer Martínez, de Santiago. A familia residía na rúa Orzán 17, 3º. AHUSC. Leg. 992, exp. 22. AISM, exp. nº 10.261. A súa irmán Adela, dous anos menor, seguiu os mesmos pasos de Portal como estudante no instituto coruñés rematando o bacharelato universitario en setembro de 1932.

na Facultade de Ciencias de Santiago, estudos que se viron interrompidos co inicio da guerra civil en 1936. En decembro de 1937 solicitou do reitor poder examinarse de Electroquímica, a única materia que lle quedaba para rematar a carreira, obtendo así o título de licenciada. Con data do 26 de outubro de 1939 foi nomeada axudante interina gratuíta da sección de Ciencias do instituto. Tratando de mellorar a súa condición, solicitou do reitor ser nomeada encargada de curso en calquera instituto da Coruña, Ferrol, Santiago ou Lugo⁵⁰. No curso 1941-42 asina nos libros de cualificación do alumnado masculino pero non continuará exercendo docencia na Coruña⁵¹.



*María Portal Panisse Ferrer.
Consello da Cultura Galega.
Álbum de Mulleres*



*Protal Panisse co seu marido. Fundación Alexandre Bóveda.
A Coruña das mulleres*

Dolores Díaz Baliño. Dolores naceu na Coruña o 6 de xaneiro de 1905⁵² e formou parte dunha familia na que destacaron importantes artistas como Camilo Díaz, seu curmán, pai de Isaac Díaz Pardo. No instituto (feminino) impartiu docencia como profesora especial interina de Debuxo e Modelado en varios cursos e durante dous períodos: 1939-40, 1940-

AISM, exp. nº 10.604. Unha terceira irmá, Carmen, foi profesora interina de Ciencias Naturais e, posteriormente, opositou á cátedra de mesma materia. AGA, Leg. 18. 632 e 18. 652.

50 AHUSC. FU. 510.

51 Tras a súa voda con Enrique Ríos Suárez instálase en Santiago onde, anos máis tarde obterá o título de licenciada en Farmacia e abrirá unha farmacia na rúa Fonseca. <http://consellodacultura.gal/album-de-galicia/detalle.php?persoa=22228> [01-12-2021] [https://acorunhadasmulleres.gal/maria-del-portal-panisse/\[5-01-2022\]](https://acorunhadasmulleres.gal/maria-del-portal-panisse/[5-01-2022]) https://gl.wikipedia.org/wiki/Mar%C3%ADa_del_Portal_Panisse [03-04-2022]

52 Na folia de servizos hai un erro na data de nacemento pois figura nacida en 1909 e con 31 anos a 15-11-1939. AISM. C-1.563.

41, 1941-42⁵³ e, tras cinco anos de ausencia (entre os cursos 1942-43 a 1946-47), volveu ao instituto feminino para traballar durante os cursos 1947-48 a 1951-52⁵⁴.

Lolita, diminutivo co era coñecida no ámbito familiar e profesional, conseguiu ser recoñecida como artista plástica nunha época na que as mulleres tiñan serias dificultades para que se lle recoñecese a súa valía. Conseguiu premios, foi ilustradora de periódicos e revistas, deseñou vestiarios para representacións teatrais, participou en exposicións colectivas e tamén individuais, tanto na Coruña como na Habana e foi nomeada, xunto coa tamén pintora Carmen Corredoira, membro de número da Academia Galega de Belas Artes da Coruña converténdose así nas primeiras mulleres académicas que ingresaron nesa institución. Antes de ser profesora do instituto dirixía unha academia de pintura no domicilio familiar da rúa Porta de Aires, onde se formaron gran número de alumnas e alumnos de diferentes xeracións. En 1954 obtivo a praza de profesora numeraria de entrada de Gramática e Caligrafía da Escola de Artes e Oficios da Coruña. Faleceu na Coruña o 3 de novembro de 1963⁵⁵.



Dolores Díaz Baliño. Vida Gallega, 20-10-1929, p. 20.

Carmen Casares Souto. Ferrolá nacida o 27 de outubro de 1907, foi nomeada profesora especial interina de Inglés para o curso 1939-40 no instituto coruñés (femenino), tomando posesión da praza o 1 de outubro de 1939. Tras dous anos de ausencia da docencia, volveu a impartir Inglés no curso 1942-43 pero xa no instituto especificamente masculino⁵⁶.

Encarnación Aguado Santillana. Pouco sabemos desta profesora, pois non se conservan máis que dúas certificacións⁵⁷. A primeira, asinada polo secretario do instituto, José

53 AISM. C-1.563.

54 AIEG. *Libro de actas de toma de posesión do profesorado I*, 30 setembro 1947, p. 49; 5 outubro 1951, p. 87. *Libro de actas do claustro do IES Eusebio da Guarda I*, acta do 3 maio 1948, p. 40; 2 outubro 1948, p. 42; 4 outubro 1949, p. 45; 9 maio 1951, p. 48.

55 Biografía e obra de Lolita Díaz Baliño en Sarmiento: 2021.

56 ASM. C-1.563.

57 ASM. C-1.563.

Sánchez Mosquera, acredita que foi nomeada profesora especial de Inglés para o curso 1940-41 e tomou posesión da praza o 2 de outubro de 1940. A segunda leva a data de 2 de xuño de 1942 e o novo secretario, Enrique Míguez Tapia, certifica que á interesada se lle aumenta o salario a 6.000 pesetas anuais en aplicación da nova lexislación, desde o 1 de xaneiro dese ano, situación que nos permite deducir que tamén exerceu docencia durante o curso 1941-42 na sección feminina do instituto⁵⁸.

Josefina del Pino Delgado. Grazas a que se conservan unhas actas asinadas da materia de Italiano por esta profesora en maio e setembro de 1941, sabemos que estaba en activo no instituto (masculino) no curso 1940-41⁵⁹. Pola orde de 6 de outubro de 1942⁶⁰ foi nomeada para o curso 1942-43, con soldo de 6.000 anuais, como profesora especial de idiomas na modalidade de Italiano, nomeamento que se repite para o curso 1942-43 pero para o instituto feminino ao intercambiarse con Luís Curiel, que estaba no feminino e pasou ao masculino⁶¹. Descoñecemos se continuou en cursos posteriores como profesora do instituto, pero non figura como asistente en ningunha das actas das reunións de claustro, polo que podemos supoñer que non seguiu impartindo clases no instituto⁶².

Dolores Díaz Mirás. Asina como profesora de Francés no libro de escolaridade das alumnas do instituto en xuño de 1941, de modo que podemos supoñer que impartiu clases no curso 1940-41 e moi probablemente no 1941-42. En outubro de 1942 foi nomeada profesora interina de Francés no instituto feminino⁶³ para o curso 1942-43 pero soamente puido exercer uns meses porque foi cesada cando se incorporou o profesor numerario de Francés Carlos Advenir Naud⁶⁴.

58 O profesorado podía elixir a modalidade de cobro, ben «suelo de cinco mil pesetas o la gratificación de tres mil pesetas anuales» que pasaban a percibir desde o momento da toma de posesión. No caso de Encarnación Aguado consta que «la interesada opta por percibir sus haberes por el concepto de sueldo» e así o certifica o secretario do instituto o 2 de xuño de 1942.

59 ASM. C-1.563.

60 BOE, 11 outubro 1942, p. 8.126.

61 Na toma de posesión da praza, acto que tivo lugar o 32 de xaneiro de 1943, recollíase que «el Excmo. Sr. Ministro ha resuelto que D^a Josefina del Pino Delgado, nombrada profesora especial de Italiano del Instituto Nacional de la Coruña (m) pase a desempeñar su función en el femenino y D. Luis Curiel Curiel, nombrado para el femenino pase a desempeñar la misma disciplina y en el mismo concepto al masculino de la citada localidad». AIEG. *Libro de Actas de toma de posesión de personal docente y administrativo del Instituto de Enseñanza Media Femenino de La Coruña*, p. 5. Información similar en AHUSC. FU. 510. Memoria, 1944. AHUSC. FU. 510.

62 Talvez a razón de que non se volvesen a facer nomeamentos específicos de Italiano estea no reducido número de alumnado que decidía cursar esta materia, pois en maio de 1941 eran unicamente dous no curso de 1º e 4 no de 3º. ASM. C-1.563.

63 BOE, 11-10-1942, p. 8.126.

64 Orde de 3 de febreiro de 1943, BOE, 09-02-1943, p. 1.943. AHUSC. FU. 510. Memoria, 1944. No primeiro libro de actas do claustro do Instituto Feminino unicamente figura como asistente na do 13 de novembro de 1943. No *Libro de actas de toma de posesión do profesorado do IES Eusebio da Guarda*, na p. 8, figura o seu cese con data do 15-02-1943.

INSTITUTO NACIONAL DE ENSEÑANZA MEDIA DE LA CORUÑA

AÑO 3.º CURSO DE 1940 a 1941

Alumno M. Aurora Díaz González

Disciplina **FRANCÉS**

Conducta buena

Aplicación buena

Puntuación cinco

OBSERVACIONES (CUANTOS DATOS PERMITAN APRECIAR LA ASIDUIDAD, LA APTITUD, EL CARÁCTER, Y EN GENERAL, LA PERSONALIDAD DEL ALUMNO)

La Coruña 1 de Junio de 1941

EL PROFESOR
Dolores Díaz Mirás

Sinatura de Dolores Díaz Mirás no libro de cualificación de Aurora Díaz González. Colec. Bartolomé-Chavert.

Rosario Riestra Limeses. Consta como profesora de Ciencias da Natureza nos cursos 1940-41 e 1941-42⁶⁵.

INSTITUTO NACIONAL DE ENSEÑANZA MEDIA DE LA CORUÑA

AÑO 3.º CURSO DE 1940 a 1941

Alumno M. Aurora Díaz González

Disciplina **Elem. Ciencias de la naturaleza**

Conducta buena

Aplicación buena

Puntuación seis

OBSERVACIONES (CUANTOS DATOS PERMITAN APRECIAR LA ASIDUIDAD, LA APTITUD, EL CARÁCTER, Y EN GENERAL, LA PERSONALIDAD DEL ALUMNO)

La Coruña 1 de Junio de 1941

EL PROFESOR
Rosario Riestra

Sinatura de Rosario Riestra no libro de cualificación de Aurora Díaz González. Colec. Bartolomé-Chavert.

65 Asina en xuño de 1941 libros de cualificacións e presentouse á oposición da cátedra de Física e Química en 1942 e 1943. AGA, Leg, 118.541 e 8.544.

Dolores Ackerman Hanizch. Descoñecemos a formación académica desta profesora, da que imaxinamos que aprendería alemán no seo da súa propia familia⁶⁶. Dolores era filla de Juan Ackermann Schlieper, que tamén actuou no instituto como axudante de Alemán⁶⁷ con anterioridade á entrada de Dolores. O primeiro dato desta profesora que localizamos é a súa sinatura nun libro de cualificacións como profesora de Alemán con data de 1 de xuño de 1942. Polo tanto, podemos deducir que foi profesora desta materia no curso 1941-42. O seu nomeamento oficial como profesora especial de idiomas —Alemán— foi publicado no *BOE* con data do 11 de outubro de 1942. Tratábase duns nomeamentos que tiñan carácter provisional porque⁶⁸ non dera tempo a reorganizar ao persoal docente de ensinanza media que establecía a Lei de 4 de xuño de 1940 e o Decreto de 19 de febreiro de 1942.

Grazas ao *Libro de actas do claustro do instituto* —xa feminino e diferenciado do masculino, con direccións propias— sabemos que asistiu como membro do mesmo durante os cursos 1942-43 e 1943-44⁶⁹.

66 Poucos datos temos anteriores ao seu nomeamento como profesora. A prensa local recolle a noticia da concesión dun «diploma de cooperación distinguida» conseguido pola súa participación no concurso escolar celebrado na Coruña dentro dos actos conmemorativos do centenario da morte de Goya. Formaban o xurado a directora da Escola Normal de Mestras, Mercedes Tella, o arquitecto Rafael González Villar e o pintor José Seijo Rubio. *La Voz de Galicia*, 05-05-1928, p. 5.

67 Nacido en Ückendorf (Alemaña) o 19 de decembro de 1879, solicitou unha praza no instituto e foi nomeado, o 28 de outubro de 1940, para o curso 1940-41 como «Ayudante de clases prácticas de la Sección de Idiomas de este Instituto Femenino, adscribiéndole a la asignatura de Alemán». Como méritos para conseguir o nomeamento, indicaba que tiña o «Bachillerato y estudios universitarios en Alemania y exámenes en la Escuela Normal de Magisterio en Santiago de Compostela. Profesor particular de idiomas y profesor en varios centros de enseñanza colegiada». O 30 de setembro de 1941, como seguía vacante a axudantía de alemán, volveu a solicitar o posto para o novo curso 1941-42 por «considerarse con conocimientos suficientes para desempeñar dicha Auxiliaría por estar dedicado hace 28 años a la enseñanza del idioma alemán y por haber desempeñado el pasado año esta Auxiliaría». ASM. C-1.563. Non nos consta que fose admitido como profesor e, de ser así, coincidiría ese curso 1941-42 coa súa filla. O apelido da filla figura sempre simplificado, sen o dobre «nn» final.

68 *BOE*, 11 outubro 1942, p. 8.126.

69 A derradeira presenza de Dolores Ackerman do feminino figura no *Libro de actas do claustro do IES Eusebio da Guarda I*, acta do 06-05-1944, p. 19.

INSTITUTO NACIONAL DE ENSEÑANZA MEDIA DE LA CORUÑA FEMENINO

AÑO 4.º CURSO DE 1941 a 1942

Alumno *Aurora Díaz González*

Disciplina ALEMÁN

Conducta *bien*

Aplicación *regular*

Puntuación *cinco*

OBSERVACIONES (CUANTOS DATOS PERMITAN APRECIAR LA ASIDUIDAD, LA APTITUD, EL CARÁCTER, Y EN GENERAL, LA PERSONALIDAD DEL ALUMNO)

La Coruña 1.º de JUN 1942 de 1942

EL PROFESOR,
Dolores Ackerman

Sinatura de Dolores Ackerman no libro de cualificación de Aurora Díaz González. Colec. Bartolomé-Chavert.

A partir do curso 1942-43, pero forma moi lenta, foron incorporándose novas profesoras, como Carmen Pedrosa Pérez-Dávila na sección de Letras, Carmen Arias de Castro Montero en Debuxo ou Margarita Trulock Bertorini, encargada da ensinanza de Inglés durante moitos anos, primeiro como axudante de clases prácticas e máis tarde como profesora agregada.

BIBLIOGRAFÍA

- ARAQUE HONTANGAS, Natividad (2008). «El profesorado de los institutos Nacionales de Enseñanza Media», *Revista Complutense de Educación*, vol. 19, nº 2, pp. 427-446.
- ----- (2009). «Jenara Vicenta Arnal Yarza: una científica y catedrática pionera en España», *Faisca. Revista de altas capacidades*, vol. 14, nº 16, pp. 27-49.
- ----- (2014). «Las primeras mujeres catedráticas de institutos de enseñanza secundaria en España durante la dictadura de Primo de Rivera y su relación con la JAE» en: López-Ocón, Leoncio (dir). *Aulas modernas*. Madrid, Universidad Carlos III, pp. 179-214.

- CAPEL MARTÍNEZ, Rosa M^a (1982). *El trabajo y la educación de la mujer en España (1900-1930)*. Madrid, Ministerio de Cultura.
- CHAVERT DÍAZ, M^a Aurora (2015). «Las seis y cuarto (en el Eusebio)» en: Ruso, Isabel; Soto, M^a Rosario (coord.) *O instituto da Guarda da Coruña: 125 anos de historia*. A Coruña, Deputación provincial, pp. 9-25.
- DELGADO FERNÁNDEZ, Ascensión; FLECHA GARCÍA, Consuelo (1996). «Alumnas del Instituto de Segunda Enseñanza de Cádiz antes de 1910», *Távira*, n^o 13, pp. 25-42.
- FERNÁNDEZ GONZÁLEZ, Jorge (2021). «Mujeres pioneras: la catedrática de instituto Rosario Fuentes», *Historia y Memoria de la Educación*, n^o 14, pp. 487-509.
- FLECHA GARCÍA, Consuelo (1989). «Algunos aspectos sobre la mujer en la política educativa durante el régimen de Franco», *Historia de la Educación*, vol. 8, pp. 77-98.
- ----- (1996). *Las primeras universitarias en España*. Madrid, Narcea.
- ----- (1997). *Las mujeres en la legislación educativa española*. Sevilla, Gihus.
- ----- (1998). «La incorporación de las mujeres a los institutos de Segunda Enseñanza en España. 1870-1910», *Historia de la Educación*, n^o 17, pp. 159-178.
- ----- (2000). «Profesoras y alumnas en los institutos de Segunda Enseñanza», *Revista de Educación*, n^o extraordinario, pp. 269-294.
- ----- (2005). «Institutos de Segunda Enseñanza en España, y primeras profesoras en los de Murcia» en: *Homenaje al profesor Alfonso Capitán*. Universidad de Murcia, pp. 167-190.
- ----- (2010). «Las aspirantes al magisterio secundario en el proyecto de renovación pedagógica de la JAE» en: Sánchez Ron, José M.; García-Velasco, José. *La Junta para Ampliación de Estudios e Investigaciones Científicas en su centenario*. Madrid, Publs. Residencia de Estudiantes, vol. 2, pp. 649-681.
- ----- (2010). «Sin pedir permiso: universitarias y funcionarias en 1910», *Crítica*, n^o 969, pp. 66-69.
- ----- (2011). «Por derecho propio. Universitarias y profesionales en España en torno a 1910», *Tabanque. Revista pedagógica*, n^o 24, pp. 157-174.
- ----- (2013). «Políticas y espacios para mujeres en el origen y desarrollo del sistema educativo español», *Bordón*, n^o 65 (4), pp. 75-89.

- ----- (2015). «Ganando espacios en la universidad española en la primera mitad del siglo XX» en: Val Valdivieso, Isabel; Martínez Quinteiro, Esther (ccord). *Comiendo del fruto prohibido. Mujeres, ciencia y creación a través de la historia*. Asociación Española de Investigación de Historia de las Mujeres (AEIHM). Icaria, pp. 103-135.
- ----- (2018). «Una década de publicaciones sobre Historia de la Educación de las mujeres», *Historia de la Educación*, nº 37, pp. 445-480.
- ----- (2021). «Soñando el futuro. Mujeres estudiantes y profesionales en Cádiz en torno a 1900», *Revista de Estudios Socioeducativos*, nº 9, pp. 17-40.
- GÓRRIZ, Ximo (08-03-2019). *Vida de una pionera: María Luisa Dorado, catedrática en 1923 en Castellón*. <https://castellonplaza.com/1923-la-primer-catedratica-de-instituto-de-espana-en-castellon> [21-05-2022].
- LORENZO VICENTE, Juan Antonio (2001). *La Formación del Profesorado de Enseñanza Media en España (1936-1970)*. Madrid, Ed. Complutense.
- ----- (2003). *La enseñanza media en la España franquista (1936- 1975)*. Madrid: Editorial Complutense.
- *Memoria Académica del curso 1942-43* (1944). A Coruña, imprenta Zincke Hermanos.
- *Memoria acerca del estado del Instituto General y Técnico de La Coruña durante el curso 1910 a 1911 escrita por D. José Ma. Hernansáez y López*. (1912) A Coruña, Tipografía La Gutenberg.
- *Memoria del Instituto de La Coruña del curso de 1896 a 1897* (1899). A Coruña, Tipografía de La Mañana.
- *Memoria del Instituto General y Técnico de La Coruña del curso 1904 a 1905* (1906). A Coruña, Tipografía La Constancia.
- *Memoria leída en el día 16 de setiembre de 1865 en el Instituto local de 2ª enseñanza de La Coruña* (1886). A Coruña, Establecimiento Tipográfico Puga.
- MEIJIDE PARDO, Antonio (1991). *Eusebio da Guarda y El Instituto de 2ª Enseñanza de La Coruña*. A Coruña, La Voz de Galicia.
- MIGUEZ TAPIA, Enrique (1966). «Aportaciones a la historia de las instituciones de La Coruña: El Instituto de segunda enseñanza», *Revista*, Instituto José Cornide de Estudios coruñeses, nº 1, pp. 127-134.

- MONTERO, Mercedes (2016). «Las carreras profesionales de las primeras universitarias españolas (1910-1936)», *Arbor*, vol. 192, nº 778 <https://doi.org/10.3989/arbor.2016.778n2001> [15-05-2022].
- NÚÑEZ VALDÉS, Juan (2019). «Una semblanza de las primeras mujeres españolas pioneras en el área científico-técnica», *Ciencia, Técnica y Mainstreaming social*, nº 3, pp. 34-44. <http://polipapers.upv.es/index.php/citecma> [10-05-2022].
- POVEDA SANZ, María (2013). *Mujeres y Segunda Enseñanza en Madrid (1931-39). El personal docente femenino en los institutos de Bachillerato*. Tese de Doutoramento. Madrid. Universidad Complutense. <https://eprints.ucm.es/id/eprint/25017/1/T35287.pdf> [10-04-2022]
- ROMERO MASIÁ, Ana (2021). «As primeiras alumnas do Instituto da Coruña», *Nalgures*, nº 18, pp. 317-349.
- RUSO, Isabel; SOTO, María Rosario (coord.) (2015). *O instituto da Guarda da Coruña: 125 anos de historia*. A Coruña, Deputación provincial.
- SÁENZ BERCEO, M^a del Carmen (2010). «Centenario del acceso de las mujeres a la Universidad. Real orden de 8 de marzo de 1910» en: Clavo Sebastián, M^a J.; Goicoechea Gaona, M^a A. (coord.) *Miradas multidisciplinares para un mundo en igualdad: ponencias de la Reunión Científica sobre Igualdad y Género*. Universidad de La Rioja, pp. 177-204.
- <https://investigacion.unirioja.es/documentos/5c13b23cc8914b6ed377a34d> [20-04-2022].
- SAMPAYO YÁÑEZ (2021). «Un testimonio de la presencia de María Wonenburger Planells en la enseñanza no universitaria», [Revista da] *Asociación Nacional para la Defensa del Patrimonio de los Institutos Históricos*, pp.48-55.
- SARMIENTO, Rosario (2021). *Lolita Díaz Baliño. A realidade soñada*. A Coruña, Fundación Luís Seoane.
- VÁZQUEZ RAMIL, Raquel (2012). *Mujeres y educación en la España contemporánea*. Madrid, Akal.
- VIDAL TOMÉ, Benigna (2015). «125 anos do IES Plurilingüe Eusebio da Guarda. Unha fabulación baseada na realidade» en: Ruso, Isabel; Soto, M^a Rosario (coord.) *O instituto da Guarda da Coruña: 125 anos de historia*. A Coruña, Deputación provincial, pp. 171-190.